

CRIATURAS DAS AUGAS

O NUBEIRO


Aparece como un vello de barba e sombreiro negro que cabalga sobre os nubarróns da tormenta destrozando as colleitas co seu pedrisco.

Para que non se acerque, ó mellor é tocar as campás, pois os nubeiros veñen sendo unha especie de demos.

Outras veces os veciños xúntanse e, cunha rama de loureiro e auga bendita, pídenlle ó nubeiro que descargue o trebón onde non faga mal.



AS LAVANDEIRAS



Preséntanse de noite no río, nas fontes e nos lavadoiros. Son mulleres vellas, co rostro engurrado e seco. Cando escoitan ruído escóndense en covas a gran velocidade.

O carácter maligno neste mito non sempre se cumpre, pois ás veces axudan a nenos e vellos se están en

perigo coa tormenta ou se se perden.

SEREAS

É un mito relacionado co mar e limitado ós pobos de tradición mariñeira.

Hai que ter coidado coa dualidade deste mito como con calquera doutros, pois pode ser benéfica, alegrar cos seus cantos ós mariñeiros ou enganalos e levalos cara a enormes marexadas e galernas.



"Na ría de Pontevedra din que vivía unha serea e que un mariñeiro de Poio namorouse dela na illa de Tambo. Víanse sempre que podían, pero un día desapareceron os dous e nunca máis se soubo."

AS LUMIAS

Viven en covas á beira dos regueiros. Aparécenlle ós homes lavando ou fiando. Son fermosas e, ás veces, como as sereas, teñen medio corpo de muller e outra metade de dragón.


Namoran ós homes, pero son moi perigosas; hai que ter coidado.

AS CIDADES ASOLAGADAS

Non hai lagoa en Galicia que non teña a súa cidade asolagada. Na orixe de tódolos asolagamentos adoita haber un cataclismo relacionado coa auga: chuvias intensas ou diluvios que se producen por un erro colectivo ou individual. En ocasións a maldade consiste na falta de caridade.

Baixo as augas , as cidades asolagadas seguen vivas e, en días sinalados, tocan as campás, óense os galos ou os seus habitantes son agora peixes moi grandes.

"Antioquía foi unha cidade que se asentaba na Limia e quedou asolagada baixo a Lagoa de Antela. Na mañanciña de San Xoán , cando o primeiro raio do sol espella na lagoa, alá baixo, moi fondo, pódese albiscar o campanario e, ás doce en punto da



noite de Nadal, óense cantar os galos."